

# VIEIROS

Edición xeral

## ***Encrucillada: 25 anos de pensamento***

Por **Xosé Luís Castro**

*Encrucillada* vén de sacar o número 126, cun ton festivo e conmemorativo do seu 25º aniversario (1977-2002) polo que nesta ocasión aparece cun novo formato e cunha maior extensión; incorpora unha nova sección: a *A xanela bíblica*. Será unha ollada cara a sociedade galega, Galicia e o devir da súa Igrexa, desde a chegada da democracia. Non sempre é unha ollada positiva, senón que se denuncia o que se amosa evidente: a falta de renovación do clero galego, a distancia entre a Igrexa e o pobo, o inmovilismo político, etc. Xosé Luís Castro, estudante da Universidade da Coruña, acadou unha bolsa Séneca para rematar a licenciatura en Filoloxía Galega na Universitat de Barcelona. Forma parte do Consello de Redacción de **Canal de Estudios Galegos**.

- 07:19 21/03/2002

Moitos son os colaboradores deste número. Nos *Estudios* destacan as análises da Igrexa galega e de Galicia, que están lonxe de ter un ton celebrativo. Bernardo García Cendán no seu estudio "Un laicado na Igrexa galega" denuncia o progresivo descenso do número de sacerdotes, o abandono masivo da práctica relixiosa por parte dunha mocidade cada vez menos socializada relixiosamente nos seus fogares. Aínda con todo, amósase esperanzador propoñendo como solución a estas lagoas o protagonismo cada vez maior do laicado, nomeadamente feminino. Xosé Luís Barreiro Rivas e Xosé Ramón Barreiro Fernández nos seus respectivos estudos, "Entre a inercia e o cambio. Crónica na encrucillada galega" e "Vintecinco anos de Galicia. Algunhas reflexións", denuncian o inmovilismo político. Sinalan como opción pouco favorable ó avance da historia galega a estrutura de partido dominante nos últimos 25 anos. Son conscientes dos enormes e importantes cambios producidos desde entón na realidade galega mais ao mesmo tempo afirman con resentimento a ubicación de Galicia na cola do marco do Estado Español.

Na sección *Achegas* preséntase una interesentísima compilación da produción teolóxico-espiritual e de tema relixioso que se produciu nos últimos 25 anos, realizada por Victorino Pérez Prieto, quen completa o inventario de Nicanor Rielo Carballo. Suma un total de cuarenta obras, organizadas en dous grandes bloques cos seus respectivos subapartados, en función dos temas e autores. Isto fainos ver que neste último cuarto de século produciuse máis literatura relixiosa do que nos séculos precedentes.

Unha sección especial deste número é aquela que celebra os seus 25 anos. Nela quixeron participar dous subscritores "singulares": María do Cebreiro e Alberte Brenlla. María do Cebreiro, a quen fixeron subscritora de *Encrucillada* antes de nacer, fai a súa aportación a este número conmemorativo cun poema titulado "A fame". Alberte Brenlla subscribiuse cando só tiña 15 anos e agora conta o seu camiñar ó lado da nosa revista. Neste mesmo subapartado especial hai unha entrevista a Engracia Vidal feita por Agustín Díaz. Ela é a persoa que mellor coñece o funcionamento interno da revista, dado que asistiu ao seu nacemento, e desde

entón estivo sempre á fronte da súa secretaría.

A *Xanela bíblica* é ese novo apartado que nos fai ver que *Encrucillada* pretende superarse número a número. Carmen Soto será a encargada nesta ocasión de ofrecernos unha nova versión do *Libro de Rut*, libro que sempre queda relegado a un segundo plano, pero que sen embargo, está cheo de suxestións.

*Experiencias* está protagonizada nesta ocasión polo artigo "Acompáñame tamén na fe cara á esperanza" de Xoaquín Campo Freire. Reprodúcese unha carta que Andrés Senón Lorda lle enviou cando se produciu a morte de Paulino Pérez-Mandaña. Con eles quere revivir a experiencia tida nos últimos tempos, por ver ós dous como almas xemelgas.

O subapartado *Crónicas* recolle tres artigos que se centran na actualidade galega, desde tres ámbitos: a política, a cultural e a Igrexa. A política é tratada por Agustín Díaz, quen fai un chamamento ó diálogo entre os diferentes grupos políticos, en particular, ós máis efrontados: o PP e o BNG. Xoán Bernárdez Vilar encárgase da crónica cultural destacando a chegada do euro ás nosas vidas e coas consecuencias sobre a vida cultural. Victorino Pérez Prieto trata de mirar con imaxinación e esperanza o futuro de Igrexa galega a partir do presente, á vez que fai unha visión da situación da Igrexa en Galicia, en España e no mundo.

Máis unha vez *Encrucillada* non quixo deixar de lado as recensións, aínda neste número especial do seu aniversario. As recomendacións: *Cousas de Venerada*, editada por Xosé Antón Miguélez e Pilar Fernández; *O relato hebraico. A Biblia contada dende a lareira*; *Xuntos facemos pobo* de Manuel Regal Ledo.

Cerra este número 126 un índice xeral do publicado na nosa revista entre os anos 1997 e 2001.

¡¡PARABÉNS!!

Dir. Andrés Torres Queiruga

**Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián.** Vol. XXVI, núm. 126 (xaneiro-febreiro de 2002)

Pontevedra: Asociación Encrucillada.

ISSN 1131-6519

Para subscricións e colaboracións na revista, escribe a este [endereço electrónico](#).